A Xunta de Galiza a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) posúe o 25% dos terreos da Unidade de Intervención (UI-7) urbanística situada entre a Tinería e o Hospital da Virxe dos Ollos Grandes, no Concello de Lugo. Xunto con dous propietarios privados máis fai parte dun proxecto para a edificación dunha urbanización nun espazo edificable de 14 mil metros.

No desenvolvemento dos trámites administrativos a Dirección Xeral de Patrimonio elaborou un informe no que cuestiona “os novos volumes” xa que “non se integran no contorno e constitúen na maioría dos casos unha quebra da trama orixinal” ao non se respectar a “configuración tradicional de cuarteiróns pechados e aliñacións continuadas existentes, de maneira que o proxecto “desfigura a formación primitiva”.

Pola súa banda, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental sinala no seu informe que o proxecto “terá efectos significativos no ambiente” propondo que se continúe coa vía ordinaria na tramitación da avaliación ambiental e non coa simplificada, como se pretendía inicialmente.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2018 11:19
Nº Rexistro: 34071
Data envío: 01/08/2018 11:19:47.584

Desde o BNG cremos que as conclusións deitadas en senllos informes pola Dirección Xeral de Patrimonio e a Dirección Xeral de Calidade Ambiental advirten da importante transformación que suporía a edificación da urbanización.

Cómpre lembrar que a Unidade de Intervención está situada a carón mesmo da Muralla de Lugo, declarada Patrimonio da Humanidade, e situada nunha cidade que conta, a día de hoxe, cunha ampla cifra de vivendas baleiras.

Alén diso, a Xunta de Galiza posúe a titularidade de numerosos predios na Tinería que permanecen en estado ruinoso e abandonado pola inacción e desleixo coa que o Partido Popular actúa neste senlleiro e importante barrio lugués. Desde 2009 paralizou o proxecto de rehabilitación e rehabilitación que desenvolvera o BNG na Consellaría sen actuar, por exemplo, entres o Pazo de Dona Urraca, o Hospital de Peregrinos ou os restos arqueolóxicos (fornos romanos) continúan sen rehabilitar e cun futuro ben incerto.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cre o Goberno galego que o proxecto de urbanización na UI-7 entre o barrio da Tinería e o Hospital da Virxe dos Ollos Grandes se axusta aos requirimentos que corresponden a un emprazamento histórico?

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2018 11:19
Nº Rexistro: 34071
Data envío: 01/08/2018 11:19:47.584

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 31/07/2018 13:07:17

María Montserrat Prado Cores na data 31/07/2018 13:07:22

Ana Pontón Mondelo na data 31/07/2018 13:07:24

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/07/2018 13:07:26

Noa Presas Bergantiños na data 31/07/2018 13:07:28

Xosé Luis Bará Torres na data 31/07/2018 13:07:30



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2018 11:20
Nº Rexistro: 34072
Data envío: 01/08/2018 11:20:34.225

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a supresión da liña de autobús directa entre Lugo e Vigo.

O novo Plan de transporte por autoestrada deseñado pola Xunta de Galiza inclúe a supresión da liña de autobús que unía até o de agora de maneira directa as cidades de Lugo e Vigo. De acordo coa información proporcionada pola empresa concesionaria do servizo manterase tan só os venres e os domingos en dous únicos horarios

A supresión da liña prexudica non só á poboación da cidade de Lugo, tamén a comarcas como A Ulloa e a concellos como o de Lalín que conectaban coa cidade olívica e entre elas a través desta liña.

Cómpre sinalar o agravio comparativo no que se atopa o interior do país a respecto das conexións de transporte terrestre, especialmente na provincia de Lugo cuxa capitalidade é a única de todo o país que apenas conta cun servizo ferroviario, moi precario, á Coruña e Monforte así como escasas frecuencias de autobús entre as súas localidades e comarcas co resto de Galiza.

Alén diso, infraestruturas prometidas desde hai décadas como a autovía Lugo-Compostela continúan aínda sen rematar.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2018 11:20
Nº Rexistro: 34072
Data envío: 01/08/2018 11:20:34.225

Neste contexto, as novas liñas e rutas que a Xunta de Galiza deseñou no marco do novo Plan de Transporte lonxe de mellorar a precaria rede de transporte colectivo, está a illar aínda máis o interior.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Cre que mellorou o novo Plan de transporte a conexión terrestre das comarcas luguesas en particular e do interior do país en xeral?

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2018 11:20
Nº Rexistro: 34072
Data envío: 01/08/2018 11:20:34.225

Olalla Rodil Fernández na data 31/07/2018 13:09:09

María Montserrat Prado Cores na data 31/07/2018 13:09:14

Ana Pontón Mondelo na data 31/07/2018 13:09:16

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/07/2018 13:09:18

Noa Presas Bergantiños na data 31/07/2018 13:09:20

Xosé Luis Bará Torres na data 31/07/2018 13:09:23



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o contrato privado de patrocinio negociado sen publicidade para a promoción do evento Xacobeo 2021.

O 21 de febreiro de 2018 publicouse no portal de contratación da Xunta de Galiza a resolución dun contrato privado de patrocinio publicitario entre a Axencia Turismo de Galicia e a UTE Old Navy Port Producións, S. L. e Esmerarte Industrias Creativas, S. L. para a promoción do evento Xacobeo 2021, a través da celebración do festival ‘O Son do Camiño’ en Santiago de Compostela e cinco concertos nas principais cidades galegas no ano 2018.

A contía total da contratación ascende a 2.975.000 millóns de euros (IVE incluído) e foi resolta a través dun proceso negociado sen publicidade.

Dous días despois, o 23 de febreiro, ‘O Son do Camiño’ dá a coñecer o cartel e as bandas que actuarán no Monte do Gozo entre as que se atopan relevantes artistas internacionais cunha presenza de bandas galegas, e en galego, absolutamente residual.

As entradas do festival, que tivo lugar os días 28 a 30 de xuño, saíron á venda a un prezo inicial de 39 euros + gastos (bono tres días).



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2018 11:21
Nº Rexistro: 34075
Data envío: 01/08/2018 11:21:05.601

Sorprende que o principal evento promocional arredor do Xacobeo 2021, que, cómpre lembrar, foi anunciado publicamente pola Xunta de Galiza como actividade propia a través da Axencia de Turismo o 12 de xaneiro de 2018, teña un custe tan elevado e, na súa contratación, o Goberno galego apenas actúe de patrocinador. Alén do máis, sorprende o procedemento de contratación seguido pola Xunta, sen publicidade por exclusividade, o que provocou grande malestar entre as empresas do sector.

Cómpre lembrar que a Xunta de Galiza a través da AGADIC destinou en materia de subvencións a festivais de música para o ano 2017, a última convocatoria publicada até o momento, tan só 220.000 euros ([DOG núm. 63, do xoves 20 de marzo de 2017](#)) sendo o máximo ao que pode optar calquera proxecto que a solicite de 50.000 euros.

Por todo o exposto fórmulanse a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Por que se contratou a través dun proceso sen publicidade por exclusividade, é dicir, sen concurso público, un programa de actividades que ascende a case tres millóns de euros (IVE incluído)?

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2018 11:21
Nº Rexistro: 34075
Data envío: 01/08/2018 11:21:05.601

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 31/07/2018 13:12:50

María Montserrat Prado Cores na data 31/07/2018 13:12:55

Ana Pontón Mondelo na data 31/07/2018 13:12:57

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/07/2018 13:12:59

Noa Presas Bergantiños na data 31/07/2018 13:13:01

Xosé Luis Bará Torres na data 31/07/2018 13:13:03



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2018 11:21
Nº Rexistro: 34077
Data envío: 01/08/2018 11:21:31.554

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a perda de falantes en lingua galega, nomeadamente entre a mocidade, e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza para cumprir coas súas obrigas en materia de normalización lingüística.

Sucesivos estudos e institucións veñen advertindo nos últimos anos do proceso de substitución lingüística que se está a producir no noso país, a ruptura na transmisión xeracional do galego así como dunha perda progresiva de falantes habituais en lingua galega entre as faixas de idade máis novas.

Alén do informe elaborado polo Consello da Cultura Galega en 2017 sobre Prácticas e actitudes lingüísticas da mocidade en Galiza, recentemente a Academia Galega, con motivo do Día da lingua materna ou lingua inicial, tamén fixo públicos os resultados deitados polo estudo Lingua e sociedade en Galiza 1992-2016.

Ambas as dúas institucións sinalan a política lingüística da Xunta de Galiza, especialmente a o Decreto 79/2010, como causa do retroceso da lingua galega no ensino e responsábel da tendencia á baixa do idioma propio de Galiza como lingua de uso social e habitual entre a mocidade.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2018 11:21
Nº Rexistro: 34077
Data envío: 01/08/2018 11:21:31.554

Hai un ano que a Xunta de Galiza, tamén con motivo da data que conmemora as linguas maternas a nivel internacional, asegurou que desenvolvería unha campaña de normalización lingüística dirixida a promover o uso do galego entre a mocidade porén, até o de agora ese anunciado compromiso non se materializou.

Desde o BNG vimos denunciando de maneira constante e reiterada os prexuízos que a aprobación do Decreto 79/2010 supoñen para a normalización de usos do galego e, ao abeiro dos mencionados estudos sociolingüísticos, é máis que evidente as consecuencias que a perda de peso da lingua galega nas aulas está a ter.

Neste senso, a Academia advirte que o proceso de substitución lingüística –ralentizado entre 2003 e 2008-- volve coller impulso despois da aprobación do denominado *decretazo* e chama a reflexionar sobre as consecuencias da súa aplicación.

Tanto é así que, asegura está a fallar algo “cando o noso ordenamento legal desde os inicios da autonomía prevé avanzar cara a unha situación de normalidade do galego e de igualdade co castelán e, pola contra, unha parte crecente dos e das galegas sente unha presión cada vez máis forte para abandonar o galego e adoptar o castelán”; ao tempo que se produce unha “fenda na transmisión lingüística interxeracional”.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

De acordo coa reflexión da Academia galega, cre a Xunta de Galiza que a aplicación do Decreto 79/2010 ten a ver coa aceleración do proceso de substitución lingüística?

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 31/07/2018 13:15:13



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2018 11:21
Nº Rexistro: 34077
Data envío: 01/08/2018 11:21:31.554

María Montserrat Prado Cores na data 31/07/2018 13:15:18

Ana Pontón Mondelo na data 31/07/2018 13:15:20

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/07/2018 13:15:22

Noa Presas Bergantiños na data 31/07/2018 13:15:25

Xosé Luis Bará Torres na data 31/07/2018 13:15:27



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

No DOG do 17 de xullo de 2018 publícase a Resolución do 11 de xullo de 2018, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se anuncia a contratación en 4 lotes e 255 sublotes, polo procedemento aberto multicriterio e tramitación ordinaria, da concesión de servizos de 255 cafeterías escolares desta consellería durante o curso 2018/19, coa reserva do sublote 3 dentro do lote 3 a centros especiais de emprego.

A citada contratación faise como consecuencia da aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e ten importe total do valor estimado de 3.720.000,00€ e ten 255 sublotes (cafeterías de centros): 107 na provincia da Coruña, 33 na de Lugo, 29 na de Ourense e 86 na de Pontevedra.

Ademais, os licitadores pódense presentar a un ou a varios lotes, e a un ou varios sublotes coas limitacións de 10 sublotes no caso das provincias da Coruña e Pontevedra, e 4 sublotes no caso das de Lugo e Ourense, e a presentación de ofertas pode realizarse ata as 14:00 horas do 13 de agosto de 2018.

O procedemento ten suscitado inquedañas entre colectivos que poderían ter nestes contratos un modo de vida, xa que cabe a posibilidade de que empresas de gran tamaño fagan ofertas polos sublotes máis rendibles; así podemos ler en *La voz de Galicia* do 30 de xullo de 2018 que *“O que temen algúns autónomos é que as grandes empresas do sector poxen polos centros máis rendibles, que son os IES grandes, con máis de 500 ou 600 alumnos, e deixen para os autónomos as cafeterías que apenas permitirían a unha persoa vivir deses ingresos. Séntense indefensos ante o poder que pode desprezar unha compañía que compra en grandes cantidades.”*

O certo é que o artigo 99.4 da Lei 9/2017, introduce a posibilidade de limitar o número de lotes aos que un mesmo candidato pode presentar ofertas, posibilidade da que fai uso a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,



Grupo Parlamentario

pero este Grupo Parlamentario entende que as limitacións existentes no prego de condicións administrativas poderían ter sido distintas.

Por iso o deputado e a deputada que asinan, preguntan:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Considera o Goberno galego que o procedemento arbitrado supón unha forma axeitada de apostar polos traballadores autónomos ou que, pola contra, pode favorecer a grandes grupos empresariais?

Pazo do Parlamento, 31 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 31/07/2018 11:16:40

Maria de la Concepción Burgo López na data 31/07/2018 11:16:48



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

O ferrocarril é un servizo que as e os nacionalistas entendemos como público e básico. Sustentable economicamente e respectuoso co medio ambiente, constitúe un elemento de cohesión e vertebración social, ademais de ser un factor de dinamización e equilibrio demográfico. Como medio de transporte, debера ser o elemento central dun sistema nacional de transporte intermodal e complementario.

Neste sentido, o Bloque Nacionalista Galego sempre defendeu unha rede ferroviaria moderna, compatíbel para o tráfico de persoas e mercadorías, que primara a mobilidade interior, e con conexións con Portugal e a Meseta. Porén, mudouse ese deseño por outro concibido baixo un modelo centralista que primou a conexión con Madrid en detrimento da conexión interior do país e, de forma especial, en detrimento do interior de Lugo e Ourense. Desta forma, esta parte do noso territorio foi ficando á marxe do que debера ser un sistema ferroviario modernizado. A día de hoxe, en pleno ano 2018, non cumpre coa súa función de conexión rápida e non asegura a articulación territorial entre cidades e vilas galegas nin a conexión interior do centro e sur de Lugo nin das comarcas de Ourense.

O Goberno do Estado, en vez de promover e potenciar este medio de transporte, coa complicidade da Xunta de Galiza, contribuíu ao progresivo abandono e



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2018 11:22
Nº Rexistro: 34080
Data envío: 01/08/2018 11:22:02.461

desmantelamento dos cativos servizos ferroviarios que tiñamos. Historicamente foron negados ou executados en baixa intensidade os investimentos necesarios para acceder á modernización da rede ferroviaria galega. Desta forma, hoxe en día carecemos dunha rede compatíbel para persoas viaxeiras e mercadorías, dunha dupla vía e electrificada en todo o territorio e tamén carecemos de liñas que primen a mobilidade interior, con conexións axeitadas con Portugal e co resto do Estado. Nun contexto de aumento da recadación e de medre orzamentario nas administracións, é preciso un ambicioso Plan de Compensación para o interior do país en materia de conexións e servizos ferroviarios como elemento para revertir os efectos de anos de desinvestimento, mala planificación e falta de cumprimento dos compromisos.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións levou ou vai levar a cabo o goberno galego para corrixir a discriminación do interior do país en materia ferroviaria?

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2018 11:22
Nº Rexistro: 34080
Data envío: 01/08/2018 11:22:02.461

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 31/07/2018 13:16:46

María Montserrat Prado Cores na data 31/07/2018 13:16:52

Ana Pontón Mondelo na data 31/07/2018 13:16:54

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/07/2018 13:16:56

Noa Presas Bergantiños na data 31/07/2018 13:16:58

Xosé Luis Bará Torres na data 31/07/2018 13:17:00



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2018 11:22
Nº Rexistro: 34082
Data envío: 01/08/2018 11:22:26.524

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre usos lingüísticos docentes no ensino superior en Galiza.

No anunciado Plan de excelencia do SUG o Goberno da Xunta de Galiza prevé introducir unha serie de medidas entre as que se atopa a creación de grupos en determinadas titulacións académicas nos que o 80% dos créditos obrigatorios sexan impartidos en inglés.

Esta medida, a implementar no curso 2018/2019, pon o foco na realidade sociolingüística galega e os usos lingüísticos docentes que actualmente se dan no noso país.

Neste senso, só a USC a través do seu Servizo de Normalización Lingüística elabora de maneira anual un informe sobre os usos lingüísticos docentes. Nos gráficos correspondentes ao curso 2017/2018 evidénciase que a presenza da lingua galega nas aulas por parte do profesorado é minoritaria (23%) fronte ao castelán (74,9%) en todos os niveis, isto é, nos graos e nos mestrados.

Alén diso, a UDC ten publicado, no ano 2005, un estudo titulado O galego na Universidade da Coruña tamén arredor do uso da lingua propia do país. Ao igual que no caso anterior, o estudo reflicte que apenas o 9% do persoal docente e investigador



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2018 11:22
Nº Rexistro: 34082
Data envío: 01/08/2018 11:22:26.524

se dirixe ao alumnado en galego da mesma maneira que o alumnado declara maioritariamente preguntar só en castelán nas aulas (77%).

Esta realidade non é nova. No Plan Xeral de Normalización Lingüística (2004) xa se sinalaba como debilidade o feito de ser o ensino superior un espazo moi castelanizado e moi refractario á presenza normal da lingua. Razón pola cal o Plan prevé unha serie de medidas encamiñadas a normalizar o uso do galego neste espazo.

– 2.1.41. Crear unha comisión estable, coa participación da Xunta de Galicia e das universidades galegas, que se encargue de propoñer e coordinar a política lingüística universitaria en Galicia.

– 2.1.42. Incrementar a edición e difusión de bibliografía en galego nas diferentes áreas de coñecemento, especialmente no caso das materias dos primeiros cursos universitarios.

– 2.1.43. Promover a edición de vocabularios, glosarios e dicionarios nas áreas de coñecemento nas que persisten carencias significativas.

– 2.1.44. Promover a edición de libros científicos en galego, tanto edicións orixinais coma traducións doutros idiomas.

– 2.1.45. Insistir, desde os servizos lingüísticos das universidades, na oferta de cursos de formación en lingua galega, con especial atención ás necesidades lingüísticas das distintas áreas de coñecemento e ás necesidades do alumnado e profesorado foráneo.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2018 11:22
Nº Rexistro: 34082
Data envío: 01/08/2018 11:22:26.524

– 2.1.46. Establecer, de acordo coas universidades, o voluntariado lingüístico universitario.

Así pois, malia que a Xunta de Galiza ten claras as medidas que adoptará para promover o uso do inglés no ensino superior, descoñecemos se pensa desenvolver algunha para que a lingua galega goce tamén de maior prestixio e uso no ámbito académico.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego da presenza e uso da lingua galega na universidade?

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2018 11:22
Nº Rexistro: 34082
Data envío: 01/08/2018 11:22:26.524

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 31/07/2018 13:18:42

María Montserrat Prado Cores na data 31/07/2018 13:18:48

Ana Pontón Mondelo na data 31/07/2018 13:18:50

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/07/2018 13:18:52

Noa Presas Bergantiños na data 31/07/2018 13:18:54

Xosé Luis Bará Torres na data 31/07/2018 13:18:56



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2018 11:22
Nº Rexistro: 34084
Data envío: 01/08/2018 11:22:52.931

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o uso e promoción de toponimia deturpada por parte do Goberno municipal de Ribeira e as medidas que debe adoptar a Xunta para restituír a fórmula legal.

O goberno do Concello de Ribeira vén incumprindo de maneira sistemática, durante décadas, a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que fixa o marco para o uso oficial do galego en diversos ámbitos, contén tamén a base legal para a recuperación e fixación da toponimia galega. No seu artigo 10 establece que "os topónimos de Galiza terán como única forma oficial a galega" e que "corresponde á Xunta de Galiza a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galiza. O nome das vías urbanas será determinado polo concello correspondente."

Do mesmo xeito, as institucións públicas deben atermos ao establecido no Decreto 189/2003, do 6 de febreiro, polo que se aproba o nomenclátor correspondente coas entidades de poboación da provincia da Coruña (DOG, 25/03/2003) onde se recolle que o nome do municipio é "Ribeira".

Neste senso, o goberno local vén de instalar dous letreiros co nome de "Riveira" en dúas rotondas da vila. A instalación destes letreiros correu a conta das arcas municipais e custou: 3.328,84€.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Por todo o exposto con anterioridade formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que opinión lle merece ao Goberno galego que o Concello de Ribeira incumpra a Lei de Normalización Lingüística de 1983?

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2018 11:22
Nº Rexistro: 34084
Data envío: 01/08/2018 11:22:52.931

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 31/07/2018 13:20:08

María Montserrat Prado Cores na data 31/07/2018 13:20:13

Ana Pontón Mondelo na data 31/07/2018 13:20:15

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/07/2018 13:20:17

Noa Presas Bergantiños na data 31/07/2018 13:20:19

Xosé Luis Bará Torres na data 31/07/2018 13:20:21



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2018 11:23
Nº Rexistro: 34086
Data envío: 01/08/2018 11:23:14.916

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, sobre a educación sexual e a formación en materia de sexualidade nos centros de ensino público galegos.

A difusión por parte da Consellaría de Sanidade da Xunta de Galiza dunha guía sobre métodos anticonceptivos na que se incluían, entre outros, a práctica da ‘marcha atrás’, a medición da temperatura corporal ou a lactancia como fórmulas de contracepción, puxo de novo no foco a formación e información en materia de sexualidade dirixida á mocidade.

A educación sexual (que implique o conxunto da sociedade e especialmente a comunidade educativa) continúa a ser unha materia pendente e un tabú para moitas capas da sociedade. Como consecuencia, a Internet ergueuse como unha “fonte de información” para a mocidade e múltiples voces, desde distintos ámbitos profesionais, advirten do peso que a pornografía está a ter na construción de referentes en materia de sexualidade e relacións afectivo-sexuais coas problemáticas que iso conleva a respecto dunha conceptualización da sexualidade cargada de estereotipos machistas, prácticas non saudábeis, etc.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como está a traballar a educación sexual o Goberno galego?

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 31/07/2018 13:21:36

María Montserrat Prado Cores na data 31/07/2018 13:21:45

Ana Pontón Mondelo na data 31/07/2018 13:21:47



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2018 11:23
Nº Rexistro: 34086

Data envío: 01/08/2018 11:23:14.916

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/07/2018 13:21:49

Noa Presas Bergantiños na data 31/07/2018 13:21:51

Xosé Luis Bará Torres na data 31/07/2018 13:21:53



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2018 11:23
Nº Rexistro: 34088
Data envío: 01/08/2018 11:23:43.822

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o cumprimento e desenvolvemento da Lei 2/2014 pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galiza e as medidas que debe adoptar o Goberno galego ao respecto.

A da Lei 2/2014 pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galiza foi aprobada en abril de 2014, hai catro anos. Ao longo deste tempo foron apenas unhas poucas accións as que ten desenvolvido a Xunta de Galiza no marco da súa aplicación como o reparto de cartaces entre os centros de ensino públicos co lema 'Eu respecto'. Porén, fican moitos aspectos recollidos na mesma que non foron desenvolvidos nin aplicados.

Entre eles, a disposición adicional única que obriga o Goberno galego a remitir ao Parlamento, con carácter trianual, un informe sobre a aplicación da devandita lei. Cómpre subliñar que ese período de tempo esgotou hai un ano.

Ademais, desde o colectivo LGBTi teñen denunciado incumprimentos do recollido na norma e o non desenvolvemento da mesma a través de ordes ou decretos, por exemplo, dirixidos ao ámbito laboral, a formación do persoal sanitario ou a Creación do centro de documentación previsto no artigo 27 da lei, entre outros.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2018 11:23
Nº Rexistro: 34088
Data envío: 01/08/2018 11:23:43.822

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cre a Xunta de Galiza que os dereitos e obrigas recollidos nesta lei están a ser respectados?

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 31/07/2018 13:23:04

María Montserrat Prado Cores na data 31/07/2018 13:23:08

Ana Pontón Mondelo na data 31/07/2018 13:23:10



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2018 11:23
Nº Rexistro: 34088

Data envío: 01/08/2018 11:23:43.822

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/07/2018 13:23:12

Noa Presas Bergantiños na data 31/07/2018 13:23:14

Xosé Luis Bará Torres na data 31/07/2018 13:23:16



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a adscrición das ensinanzas artísticas superiores en Galiza ao **SUG** e as medidas que debe adoptar o Goberno galego ao respecto.

Desde hai anos profesorado e alumnado das ensinanzas artísticas superiores en Galiza veñen manifestando a súa vontade de iniciar o proceso de adscrición destas titulacións á Universidade de acordo co previsto na lexislación vixente, tanto a Lei Orgánica de Universidades (artigo 11) coma na LOMCE (artigo 58.7) que prevén a posibilidade de adscrición mediante convenio a unha universidade pública e no concreto as ensinanzas artísticas superiores.

De facto, o grupo parlamentar do BNG ten traído ao Parlamento de Galiza esta cuestión na IX Lexislatura.

Porén, desde a Xunta de Galiza non se teñen atendido as súas demandas, malia que formularon desde a ESAD unha proposta de adscrición formal e gozar o Goberno galego, de acordo co Estatuto de 1981, de plenas competencias para levala a cabo.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2018 11:24
Nº Rexistro: 34090
Data envío: 01/08/2018 11:24:17.026

Valora o Goberno galego a adscrición das ensinanzas artísticas superiores ao
SUG como demanda o profesorado e alumnado da ESAD e da Escola de Restauración e
Conservación, entre outros?

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2018

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 31/07/2018 13:46:06

María Montserrat Prado Cores na data 31/07/2018 13:46:12

Ana Pontón Mondelo na data 31/07/2018 13:46:14

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/07/2018 13:46:15



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2018 11:24
Nº Rexistro: 34090
Data envío: 01/08/2018 11:24:17.026

Noa Presas Bergantiños na data 31/07/2018 13:46:18

Xosé Luis Bará Torres na data 31/07/2018 13:46:20



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a presenza e tratamento da cultura na programación da CRTVG.

A dirección da CRTVG ten anunciada a aplicación de reformas na programación da Radio Galega a partir de setembro de 2018.

Entre as mudanzas atópase a desaparición do programa Diario Cultural, un histórico da radiodifusión, como espazo informativo propio, para se diseminar en distintas franxas horarios como parte dos grandes contedores da grella.

A decisión, causou un enorme rexeitamento entre o cadro de persoal da CRTVG mais tamén entre os sectores culturais do país. De facto, máis de 3.500 sinaturas exixen a través do manifesto Non imos ficar caladas!, que a Corporación cumpra coa súa misión de servizo público contribuíndo, como elemento chave, á promoción e difusión da lingua e da cultura galegas.

A desaparición do programa Diario Cultural como espazo informativo propio non é apenas unha anécdota e súmase a supresión, desde 2009, da práctica totalidade dos programas culturais que existían na radio e na televisión públicas.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2018 11:24
Nº Rexistro: 34092
Data envío: 01/08/2018 11:24:49.605

Aberto por reformas, Planeta Furancho, Planeta de Cine, Onda Curta, Alalá ou Eirado foron algúns dos espazos que desapareceron deixando a cultura practicamente excluída da programación da CRTVG.

Apenas sobreviven, na actualidade, uns poucos programas relegados ás franxas horarias e ás canles de menor audiencia o que contravén os principios e obxectivos que rexen, como servizo público, a Corporación.

Unha situación que evidencia, alén do desleixo da CRTVG cara á cultura deste país, o incumprimento flagrante da lexislación que regula os medios de comunicación audiovisuais públicos galegos e que, de acordo co disposto no artigo 33 da CRTVG, debería desenvolver e concretas os obxectivos da súa función como servizo público a través da sinatura de senllos contratos programa para todas e cada unha das súas canles.

Por todo o exposto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que opinión lle merece á Xunta de Galiza o tratamento que recibe a cultura galega na programación da CRTVG?

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Xosé Luis Rivas Cruz



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2018 11:24
Nº Rexistro: 34092
Data envío: 01/08/2018 11:24:49.605

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 31/07/2018 13:47:41

María Montserrat Prado Cores na data 31/07/2018 13:47:46

Ana Pontón Mondelo na data 31/07/2018 13:47:48

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/07/2018 13:47:50

Noa Presas Bergantiños na data 31/07/2018 13:47:52

Xosé Luis Bará Torres na data 31/07/2018 13:47:54



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a aplicación da Lei de espectáculos de Galiza e as medidas que debe adoptar o Goberno en relación aos eventos culturais públicos e a música ao vivo.

O 2 de xuño entrou en vigor a Lei 10/2017 de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galiza.

Un texto normativo que introduce importantes novidades para o desenvolvemento de eventos culturais públicos que non sexan ao ar libre, entre outras cuestións, a organización de concertos en locais de hostalaría nocturna, é dicir, aqueles que non contan con licenza de sala de concertos.

Desde distintos colectivos que agrupan artistas, locais e entidades promotoras, especialmente de Compostela, veñen denunciando dificultades, restricións e limitacións para a música ao vivo como resultado da ambigüidade e indefinición da lei.

Neste senso, reclaman garantías, claridade no desenvolvemento da lei e seguridade xurídica para permitir que a cultura e, en maior medida, a música en directo poidan desenvolverse.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2018 11:25
Nº Rexistro: 34094
Data envío: 01/08/2018 11:25:08.621

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas ten adoptado ou pensa adoptar a Xunta de Galiza para garantir a música ao vivo en locais de hostalaría nocturna?

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2018

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 31/07/2018 13:48:35

María Montserrat Prado Cores na data 31/07/2018 13:48:40



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2018 11:25
Nº Rexistro: 34094

Data envío: 01/08/2018 11:25:08.621

Ana Pontón Mondelo na data 31/07/2018 13:48:42

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/07/2018 13:48:43

Noa Presas Bergantiños na data 31/07/2018 13:48:45

Xosé Luis Bará Torres na data 31/07/2018 13:48:47



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á necesidade de manter e velar pola calidade do servizo de Correos, especialmente no rural.

Entre as persoas que foron recoñecidas en 2018 coas Medallas Castelao atópanse os carteiros rurais de Correos en Galiza.

Un merecido recoñecemento, sen dúbida, mais que contrasta coa realidade que atinxe estes profesionais desde hai anos, especialmente nas comarcas do interior do país.

Así, na provincia de Lugo, o número de traballadoras e traballadores do servizo de Correos foi recortado progresivamente. Segundo os datos do censo, pois desde o ano 2000 non existe en Correos RPT, entre 2007 e 2017 reducíronse 119 postos de traballo, pasando de 569 a 417 (-26,5%).

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/08/2018 13:44:06

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 03/08/2018 13:44:13

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/08/2018 13:44:20

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Consello de Contas foi creado coa Lei 6/1985 e reformado pola Lei 8/2015, coa finalidade de reforzar as competencias do órgano de control externo da Comunidade Autónoma, a súa independencia e a súa propia eficiencia e capacidade de cooperación con outras institucións.

Na propia exposición de motivos da Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, e do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción se establece que “O Consello de Contas de Galicia, o órgano de control e fiscalización externo das contas do sector público autonómico galego, ocupa unha posición especialmente relevante no tecido institucional da Comunidade Autónoma. Creado no propio Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 53.2, desenvolvido por unha das primeiras leis da Comunidade Autónoma (a Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, reformada pola Lei 4/1986), desde que o Consello de Contas se puxo en marcha no ano 1991 ten gañado o merecido recoñecemento da sociedade galega pola súa continuada contribución, a través dos sucesivos informes presentados ao Parlamento, á mellora da xestión dos recursos públicos administrados polo sector público autonómico”.

E no artigo primeiro, modifícase o punto 1 do artigo 1 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, que queda redactado como segue: “*O Consello de Contas, como órgano de fiscalización externa das contas e da xestión económico-financieira e contable, exercerá a súa función en relación coa execución dos programas de ingresos e gastos do sector público da Comunidade Autónoma e asesorará o Parlamento de Galicia en materia económico-financieira*”.

Grupo Parlamentario

No mes de xullo o Consello de Contas entregou os informes de fiscalización correspondentes ao Plan de traballo aprobado para este exercicio 2018, entre os que se inclúe o informe correspondente á Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia do ano 2016.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

No apartado de recomendacións, o Consello de Contas reitera unha das recomendacións feitas ano tras ano:

“III.2. RECOMENDACIÓNS

Presentación da información contable

3.2. Faise necesario que por parte da Administración se aborde con urxencia unha reforma e actualización do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, que inclúa a delimitación das entidades que integran o perímetro orzamentario e da Conta Xeral, a formación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, e a regulación dos procesos de consolidación das contas destas entidades; e tamén a aprobación dun novo Plan de contabilidade pública da Comunidade Autónoma que cumpra co proceso de harmonización contable

No marco destas modificacións normativas, sería aconsellable incorporar a destinada ao adianto do prazo da rendición da Conta Xeral.

3.3. En aras ao cumprimento do principio de transparencia da actividade pública, recoméndase unha revisión profunda da memoria da Conta Xeral, incorporando información sobre todos aqueles aspectos previstos na normativa de aprobación, e en especial: a) da situación financeira global do sector público autonómico; b) da execución de beneficios fiscais; c) do volume de endebedamento e grao de cumprimento dos obxectivos; d) do estado agregado dos compromisos de gastos futuros do sector público autonómico”.

Por iso a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

Que valoración fai o Goberno galego sobre o incumprimento reiterado da recomendación do Consello de Contas sobre a presentación da información contable?



 Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 3 de agosto de 2018

Asinado dixitalmente por:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/08/2018 14:02:03

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 03/08/2018 14:02:09

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/08/2018 14:02:19

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Consello de Contas foi creado coa Lei 6/1985 e reformado pola Lei 8/2015, coa finalidade de reforzar as competencias do órgano de control externo da Comunidade Autónoma, a súa independencia e a súa propia eficiencia e capacidade de cooperación con outras institucións.

Na propia exposición de motivos da Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, e do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción se establece que *“O Consello de Contas de Galicia, o órgano de control e fiscalización externo das contas do sector público autonómico galego, ocupa unha posición especialmente relevante no tecido institucional da Comunidade Autónoma. Creado no propio Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 53.2, desenvolvido por unha das primeiras leis da Comunidade Autónoma (a Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, reformada pola Lei 4/1986), desde que o Consello de Contas se puxo en marcha no ano 1991 ten gañado o merecido recoñecemento da sociedade galega pola súa continuada contribución, a través dos sucesivos informes presentados ao Parlamento, á mellora da xestión dos recursos públicos administrados polo sector público autonómico”*.

E no artigo primeiro, modifícase o punto 1 do artigo 1 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, que queda redactado como segue: *“O Consello de Contas, como órgano de fiscalización externa das contas e da xestión económico-financieira e contable, exercerá a súa función en relación coa execución dos programas de ingresos e gastos do sector público da Comunidade Autónoma e asesorará o Parlamento de Galicia en materia económico-financieira”*.

Grupo Parlamentario

No mes de xullo o Consello de Contas entregou os informes de fiscalización correspondentes ao Plan de traballo aprobado para este exercicio 2018, entre os que se inclúe o informe correspondente á Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia do ano 2016.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

No apartado de recomendacións, o Consello de Contas reitera unha das recomendacións feita ano tras ano:

“Liquidación e xestión orzamentaria

3.4. Recoméndase a adopción de medidas legislativas e de control parlamentario que limiten o uso excesivo do programa 621B Imprevistos e funcións non clasificadas”.

Por iso a deputada e os deputados que asinan preguntan:

Cales son os motivos da Xunta de Galicia para que non teñan corrixido esta deficiencia que pon de manifesto ano tras ano o Consello de Contas?

Pazo do Parlamento, 3 de agosto de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/08/2018 14:07:19

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 03/08/2018 14:07:30

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/08/2018 14:07:37



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2018 10:47
Nº Rexistro: 34388
Data envío: 07/08/2018 10:47:05.672

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás medidas a tomar diante do falecemento dun doente no PAC da Estrada mentras agardaba atención sanitaria.

Na tarde do sábado día 4 agosto no Punto de Atención Continuada da Estrada falecía un doente de 65 anos tras agardar máis de dúas horas a ser atendido, xa que o persoal sanitario encontrábase ausente atendendo unha urxencia nun domicilio e posterior traslado ao CHUS.

O PAC da Estrada ese sábado estaba atendido só por unha médica, unha enfermeira e PSX. Non contaba con ningún persoal de reforzo, a pesares de telo solicitado e ter posto en coñecemento da Xerencia a necesidade do mesmo. A petición non foi atendida pola Xerencia do SERGAS e agora constatamos desgraciadamente as consecuencias.

@s profesionais dos PACs levan meses denunciando a situación de deterioro das condicións laborais e asistenciais que se vive nestes centros que atenden as urxencias extra-hospitalarias de Galiza. Seguen cos mesmos recursos materiais e humanos que hai 10 anos, cando neste tempo as urxencias non fixeron máis que aumentar: envellecemento da poboación, o persoal dos PACs fai o 90% do traballo do 061, son os que “medicalizan” as ambulancias, van aos domicilios, atenden os accidentes, infartos... Denuncian que traballan continuamente en situación de servizos mínimos, que a



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2018 10:47
Nº Rexistro: 34388
Data envío: 07/08/2018 10:47:05.672

sobrecarga laboral é brutal, que non substitúen as ausencias d@s profesionais, que non se establecen reforzos en fins de semana ou en datas con previsión de aumento de demanda... Levan meses denunciando que así é imposíbel continuar.

Diante desta situación, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Pleno:

Quen vai asumir as responsabilidades polo falecemento dun doente no PAC da Estrada o sábado 4 de agosto sen ser atendido por persoal sanitario, xa que iste estivo ausente durante máis de dúas horas atendendo a unha urxencia?

Santiago de Compostela, 7 de agosto de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2018 10:47
Nº Rexistro: 34388
Data envío: 07/08/2018 10:47:05.672

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 07/08/2018 10:34:13

Ana Pontón Mondelo na data 07/08/2018 10:34:19

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/08/2018 10:34:21

Olalla Rodil Fernández na data 07/08/2018 10:34:23

Noa Presas Bergantiños na data 07/08/2018 10:34:25

Xosé Luis Bará Torres na data 07/08/2018 10:34:27

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Luís Manuel Álvarez Martínez e Juan Manuel Díaz Villoslada deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Os días 15 e 16 de marzo de 2018, celebrouse en Pamplona o I Encontro da Rede Interautonómica de Memoria Histórica por iniciativa do goberno navarro.

Esta primeira reunión serviu para consolidar a rede e trazar liñas de colaboración, ademais de poñer en común boas prácticas en materia de políticas públicas de memoria histórica.

De igual modo, as comunidades autonómicas asistentes amosaron a súa dispoñibilidade a colaborar na localización de familiares de presos do Forte de San Cristobal no monte Ezkaba, unha das liñas de traballo do goberno de Navarra en memoria histórica.

Nesta prisión estiveron reclusos máis de 700 galegos e moitos atoparon aquí a morte.

A reunión rematou coa firma, por todas as Comunidades Autonómicas asistentes, dunha Declaración Institucional onde se afirma que a convivencia é un dos obxectivos básicos e ineludibles de todas as sociedades democráticas e se fai fincapé en que, para lograr que esa convivencia sexa real e xusta, é preciso proxectar unha mirada crítica sobre o pasado. Unha mirada que, dende valores democráticos e dende uns principios éticos firmes, condene todas as vulneracións de Dereitos Humanos cometidas.

Engade, tamén, que o compromiso dos asinantes, dende o respecto aos Dereitos Humanos e dende a defensa dunha cultura de paz, tolerancia e respecto, está coas persoas que sufriron a inxustiza da violencia tras o golpe militar de 1936 e durante a ditadura franquista.

Á súa vez, apunta que as administracións públicas teñen a responsabilidade de impulsar de forma activa políticas públicas que poñan en valor a memoria do ocorrido como forma de avanzar na consolidación de sociedades máis éticas, máis xustas, máis solidarias e máis democráticas, xa que o

Grupo Parlamentario

esquecemento e a desmemoria debilitan os alicerces dos principios democráticos e só con memoria se pode dar resposta ao dereito das vítimas á verdade, a xustiza e a reparación.

En concreto, e textualmente, os tres puntos finais da declaración son:

1. Afirmamos a nosa condena do golpe militar de 1936 e da ditadura franquista, e o noso compromiso cunha cultura de paz, respecto e tolerancia.
2. Mostramos o noso compromiso coa memoria como ferramenta para o recordo da inxustiza da violencia e como medio para construír sociedades máis xustas, máis éticas, máis solidarias e máis democráticas, onde aqueles tráxicos acontecementos non poidan volver producirse.
3. Reiteramos o noso compromiso cos Dereitos Humanos e co dereito das vítimas á verdade, a xustiza e a reparación.”

Esta declaración foi firmada por trece comunidades de distinto signo político, pero non por Galicia.

Nas primeiras noticias que se deron ao respecto deste I Encontro en Navarra, aparecía como asistente Galicia, pero todo indica que non se presentou á cita e dende logo é claro que non firmou a Declaración Institucional. Non podemos entender as causas que motivaron esta negativa da Xunta de Galicia que de novo dá as costas ás vítimas da ditadura franquista incluso ás galegas e a toda política de memoria histórica.

Por todo o exposto anteriormente, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que a Xunta de Galicia non firmou a Declaración Institucional aprobada no I Encontro da Rede Interautonómica da Memoria Histórica?

Pazo do Parlamento, 7 de agosto de 2018

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 07/08/2018 11:18:21



 Grupo Parlamentario

Luis Manuel Álvarez Mat3nez na data 07/08/2018 11:19:01

Juan Manuel D3az Villoslada na data 07/08/2018 11:19:10

Partido dos
Socialistas
de Galicia



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2018 11:20
Nº Rexistro: 34401
Data envío: 07/08/2018 11:20:17.606

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás medidas a tomar para desenvolvemento do decreto de tramitación da Risga e das axudas de inclusión social.

O 31 de decembro de 2013 o Diario Oficial de Galiza publicaba a Lei 10/2013, do 27 de novembro de inclusión social de Galiza, que na súa disposición derradeira primeira establecía un prazo de seis meses para o desenvolvemento e aplicación da mesma, entre o que está o decreto de aplicación da Risga. A pesares deste prazo establecido na propia lei, a Consellaría de Política Social non presentou un borrador de decreto até o 21 de decembro de 2017, tres anos e medio máis tarde do prazo establecido e en pleno nadal.

Este pasado venres día 3 de agosto o DOG publica o anuncio da Consellaría de Política Social polo que acorda someter a información pública o Proxecto de decreto de desenvolvemento da Lei, no relativo á tramitación da RISGA e das axudas de inclusión social. En pleno mes de agosto, por un escasísimo período de quince días.

Presenta a Consellaría de Política Social a exposición pública este proxecto de decreto sen ter contestado a moitas das alegacións que por parte de colectivos se lle fixeron ao borrador, nin ter contestado á proposta de diálogo feita polos mesmos, nin recoller aspectos fundamentais e amplamente demandados como son que as prestacións sexan suficientes, dignas, accesíbeis e eficaces.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pola contra mantense un alto nivel de discrecionalidade, un complemento de alugueiro insuficiente, unha soa Risga por domicilio como regra xeral, cando os xulgados están a ditaminar o contrario...

Este xeito de proceder do Partido Popular evidencia dúas cousas: primeiro, facelo no mes de agosto, en plena época vacacional, significa quere evitar o coñecemento deste prazo de exposición pública e por tanto a presentación de emendas ou suxestións por parte da cidadanía en xeral, e dos colectivos, entidades e profesionais que traballan no terreo da pobreza e a exclusión en particular, e polo tanto nula vontade de consenso e acordo. En segundo lugar, que prima a súa axenda electoral, e o relevo na Consellaría, diante dos intereses de miles de persoas potenciais beneficiarias destas axudas.

Por estas razóns o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte pregunta para a súa contestación oral en Pleno:

Cal é a razón de someter a exposición pública o Proxecto de decreto de desenvolvemento da Lei 10/2013 do 27 de novembro, de inclusión social de Galiza en pleno mes de agosto despois de que o mesmo leve un atraso de catro anos sobre o prazo establecido na lei?

Santiago de Compostela, 7 de agosto de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2018 11:20
Nº Rexistro: 34401
Data envío: 07/08/2018 11:20:17.606

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 07/08/2018 11:19:47

Ana Pontón Mondelo na data 07/08/2018 11:19:55

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/08/2018 11:19:57

Olalla Rodil Fernández na data 07/08/2018 11:19:59

Noa Presas Bergantiños na data 07/08/2018 11:20:02

Xosé Luis Bará Torres na data 07/08/2018 11:20:04

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Galicia ten unha riqueza extraordinaria de xacementos arqueolóxicos: castros, petróglifos, mámoas, pedrafitas ..., que se reparten por toda a nosa xeografía, cunha maior concentración en zonas rurais, algunhas non habitadas. Estes bens arqueolóxicos conforman fitos na paisaxe e configuran unha parte dun territorio modelado ao longo do tempo.

Esta gran riqueza arqueolóxica e paisaxística está sendo atacada sistematicamente. Continuas son as noticias de espolios e destrucións sen arranxo posible. E un dos elementos máis nocivos para a nosa riqueza arqueolóxica é a política forestal levada a cabo polo goberno. Esta situación é un exemplo máis dunha realidade causada por un modelo de xestión do Patrimonio Cultural insostible e na práctica pouco operativo.

En efecto, asociacións de defensa do Patrimonio como Mariña Patrimonio acaba de poñer de manifesto con datos como a industria do eucalipto está destruindo xacementos arqueolóxicos.

Así afirma esta asociación que no norte da provincia de Lugo, segundo o listado de fichas de xacementos arqueolóxicos da Dirección Xeral de Patrimonio, hai uns 500 xacementos. Deles en torno a metade están plantados de eucaliptos.

Dos aproximadamente 250 xacementos que non teñen eucaliptos, 70 están en zonas onde non se pode plantar (zonas urbanas, castros costeiros), e a maior parte dos 180 xacementos restantes, polo de agora libres de eucaliptos están nas zonas máis altas e frías, onde o eucalipto glóbulus non tería acomodo pero si o fai o eucaliptus nitens que se está introducindo. En todo caso todos eles poden ser destruídos pola maquinaria pesada utilizada para as plantacións.

Grupo Parlamentario

Estas son as grandes cifras, pero pódense poñer múltiples exemplos particulares de castros e outros bens destruídos, como por exemplo o Castro da Rilleira por dúas veces arrasado por unha plantación de eucaliptos. Hai que ter en conta que a utilización de maquinaria pesada, a construción de camiños para mover a madeira, os movementos de terra para a tala e as plantacións, arrasán literalmente uns bens que son de por si moi delicados, e isto non está a pasar con xacementos descoñecidos, senón con bens arqueolóxicos inventariados e catalogados.

A realidade é que a política forestal da Xunta de Galicia non contempla en absoluto a existencia e defensa dos xacementos arqueolóxicos nin calquera outro elemento da paisaxe cultural como valados, cruceiros, etc. Nin na Lei 7/2012 do 28 de xuño, de montes de Galicia, nin o Plan forestal de Galicia (PFG), que é o verdadeiro instrumento de planificación estratéxica da política forestal do noso país, contemplan nin unha soa vez, nin sequer con unha soa palabra, o patrimonio arqueolóxico en particular nin o patrimonio cultural en xeral.

Por outra parte, o PFG tiña un horizonte de aplicación de 40 anos. Transcorridos 25 dende a súa aprobación, as previsións sobre o crecemento do eucalipto víronse desbordadas. Estimábase que se chegaría a 245.000 has. en 2032, pero a día de hoxe temos 425.000 has., un 76 % máis do previsto. E todo isto sen ningunha medida de protección dos xacementos arqueolóxicos, cuxa destrución tamén creceu considerablemente nestes anos.

Nestes momentos estase a proceder á revisión do Plan forestal de Galicia, pero polo que imos coñecendo podemos afirmar que nada vai cambiar na protección do patrimonio, e que a Xunta de Galicia non está en absoluto facendo a política transversal que os bens arqueolóxicos necesitarían.

E dicimos isto porque no grupo de traballo encargado de elaborar as directrices da renovación do PFG hai representantes de empresarios, ecoloxistas, cazadores, asociacións forestais...pero nin un só arqueólogo ou profesional do patrimonio. Por outra parte, nas directrices elaboradas por este grupo de traballo non hai nin unha soa mención a xacementos arqueolóxicos ou á súa protección, e iso que di que o Goberno quere un aproveitamento sostible do monte. Semella que a nosa historia e o noso patrimonio, que por certo teñen unha clara vertente económica, non entran dentro desta categoría de “sostible”.

Grupo Parlamentario

Igualmente a Lei 7/2012 do 28 de xuño de montes de Galicia non contempla o dano ao patrimonio nin sequera como infracción, pero tampouco, o que nos parece máis grave, marca ningunha distancia mínima obrigatoria para facer plantacións cerca dun xacemento arqueolóxico. Faise referencia ás distancias mínimas para o labradío, para canles fluviais, para vivendas, para urbanizacións, para industrias... pero en ningún momento se cita ao patrimonio o que nos parece moi grave porque dificulta a petición de responsabilidades.

É certo que existe a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, que teoricamente defende a pervivencia dos xacementos arqueolóxicos e que, tamén teoricamente, ten que dar permiso para certas accións de reforestación, pero son medidas moi xenéricas, como proban os feitos, e non conseguen frear o deterioro do patrimonio nas zonas de explotación forestal.

Por outra parte, e independentemente da Lei de patrimonio cultural, parecemos fundamental que o Plan forestal de Galicia trate o tema do patrimonio, dando directrices claras que faciliten a súa protección e impidan as continuas desfeitas da maquinaria pesada e das talas e plantacións. É, claramente necesario neste tema unha acción transversal de goberno.

O PFG debe incorporar as zonas de protección integral como zonas excluídas e de amortecemento, definindo as distancias mínimas como fai para outros elementos.

Así mesmo é necesario que nos grupos de traballo participen arqueólogos como persoal especializado e que realmente sabe que medidas hai que tomar para que, sen impedir o desenvolvemento forestal, protexa e ampare a nosa historia/paisaxe.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como valora a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a afectación que está a sufrir o noso patrimonio arqueolóxico polas plantacións de especies arbóreas especialmente eucaliptos?



 Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 6 de agosto de 2018

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 07/08/2018 11:20:25

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 07/08/2018 11:20:35

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Luís Manuel Álvarez Martínez e Juan Díaz Villoslada, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Lei 52/2007, de 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceu persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura, establece no seu artigo 15 sobre símbolos e monumentos públicos o seguinte:

“1. As Administracións públicas, no exercicio das súas competencias, tomarán as medidas oportunas para a retirada de escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas de exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar, da Guerra Civil e da represión da Ditadura. Entre estas medidas poderá incluírse a retirada de subvencións ou axudas públicas.

2. O previsto no apartado anterior non será de aplicación cando as mencións sexan de estrito recordo privado, sen exaltación dos enfrontados, ou cando concorran razóns artísticas, arquitectónicas ou artístico-relixiosas protexidas pola lei.

3. O Goberno colaborará coas Comunidades Autónomas e as Entidades Locais na elaboración dun catálogo de vestixios relativos á Guerra Civil e á Ditadura para os efectos previstos no apartado anterior.

4. As Administracións públicas poderán retirar subvencións ou axudas aos propietarios privados que non actúen do modo previsto no apartado 1 deste artigo .”

No preámbulo da lei explícanse as razóns polas que se inclúen estas medidas: *“Establécense, así mesmo, unha serie de medidas en relación con os símbolos e monumentos conmemorativos da Guerra Civil ou da Ditadura, sustentadas no principio de evitar toda exaltación da sublevación militar, da Guerra Civil e da represión da Ditadura, no convencemento de que os cidadáns teñen dereito a que así sexa, a que os símbolos públicos sexan ocasión de encontro e non de enfrontamento, ofensa ou agravio”*

Grupo Parlamentario

A pesar diso, e do tempo pasado, quedan moitos símbolos do franquismo en edificios públicos e relixiosos en Galicia sen que se faga nada para cumprir a lei, o que cremos que non se pode permitir. Debemos tomar todas as medidas necesarias para terminar con esta presenza de elementos conmemorativos ou exaltadores da ditadura franquista.

Por iso, no último debate do estado da autonomía e con ánimo de que a Xunta se involucrara nunha política de memoria histórica, os socialistas transaccionamos co PP unha resolución que di textualmente:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a consensuar coa Federación Galega de Municipios e Provincias, coa Igrexa católica e coa Administración xeral do Estado, un plan de eliminación dos elementos de exaltación do franquismo que subsisten en Galicia, conforme o establecido na Lei 52/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor das persoas que padeceron persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura.»

Consideramos que soamente conseguiremos terminar coa simboloxía franquista se todos os que teñen responsabilidades co tema se unen, e a Xunta de Galicia é claramente a que ten que levar a iniciativa do tema e conseguir o consenso, pero pasan os meses e non sabemos nada sobre este acordo.

Non sabemos que fixo a Xunta de Galicia nin sequera se comezou as conversas coa Federación Galega de Municipios e Provincias, coa Igrexa e coa administración central, para poñer en marcha a desaparición dos elementos de exaltación do franquismo. Preguntamos sobre este tema na Comisión de Cultura deste Parlamento pero, o representante da Consellería de Cultura afirmou que el soamente podía responder polo que fai a Consellería directamente, e deu a entender que nada se fixera.

Por todo o exposto anteriormente, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que accións levou a cabo ata o momento a Xunta de Galicia para acordar coa Federación de Municipios e Provincias de Galicia a Igrexa e a Administración central un plan de eliminación dos elementos de exaltación

 Grupo Parlamentario

do franquismo que subsisten en Galicia tal como se acordou no Parlamento de Galicia?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 7 de agosto de 2018

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 07/08/2018 13:03:32

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 07/08/2018 13:03:41

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 07/08/2018 13:03:51

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A situación de precariedade que viven os profesionais da atención primaria de Galicia ven sendo un tema relevante e obxecto de numerosas reivindicacións dos colectivos profesionais, organizacións sindicais, agrupacións cidadás e grupos políticos dende hai varios anos. Nos últimos tempos, o propio Parlamento de Galicia ten asistido a debates en Comisión e Pleno sobre a necesidade de mellorar estas condicións para mellorar así o sistema sanitario de Galicia.

A situación específica dos PAC, con numerosas cuestións a mellorar tanto nas condicións laborais dos profesionais como nas asistencias que inflúen sobre a capacidade dos profesionais de dar o mellor servizo posible (horarios, dotación de recursos materiais e humanos, organización de traballo...), é un aspecto concreto que ten sido analizado de maneira específica.

Existen numerosas ocasións en que o Goberno da Xunta de Galicia ten coñecido as deficiencias, especialmente no referido ao volume de recursos humanos, que existen na atención nos PAC en Galicia. Non entanto, a resposta deste Goberno ven sendo sempre a negación do problema e incluso a provocación de conflitos cos membros representantes das reivindicacións dos traballadores e traballadoras dos PAC galegos. Do mesmo xeito, o Grupo Popular no Parlamento de Galicia ten rexeitado as propostas que se teñen feito de mellora das condicións e aumento de recursos no seo do Parlamento.

Con data 15 de marzo do presente ano, o Grupo Parlamentario Socialista trasladou á Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego do Parlamento de Galicia unha proposta para a mellora das condicións laborais dos profesionais dos PAC, que incluía a dotación dun maior número de profesionais, alertando da gravidade de que existiran dotacións mínimas que deixaban a PACs con volumes moi relevantes de persoas por atender sen profesionais para cubrir esa asistencia por ter que saír a facer visitas de urxencias.

Grupo Parlamentario

O acontecido no día 4 de agosto no PAC de A Estrada é un suceso fatal que retumba en todo o sistema sanitario galego. O labor desenvolvido polos profesionais do sistema foi insuperable e impecable, tratando de axudar no problema incluso algunha profesional que non estaba sequera no seu horario laboral. Non entanto, a limitación de número do persoal existente foi tamén un problema insuperable. A ausencia de profesionais no PAC de A Estrada foi un elemento decisivo para un incidente fatal.

Esta situación debera ser punto e aparte sobre as condicións existentes e sobre a calidade asistencial que recibimos os galegos e as galegas, e permitir abrir un tempo de replanificación sobre os recursos que necesita o sistema sanitario. Seguindo o caso acontecido, o PAC de A Estrada atende a máis de 20.000 persoas, nun entorno de poboación especialmente disperso onde os desprazamentos se alongan e, de maneira sinalada, se teñen que existir desprazamentos ao Hospital de Santiago, centro de referencia da zona. A isto súmaselle unha poboación envellecida, con dificultades para a mobilidade. Baixo estas condicións, un so equipo asistencial resulta a todas luces insuficiente e provoca demoras de máis de dúas horas sen atención no centro de saúde.

Por todo o exposto anteriormente, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que criterios se utilizaron para determinar o volume de persoal existente no sábado 4 de agosto no PAC de A Estrada?

Pazo do Parlamento, 7 de agosto de 2018

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 07/08/2018 13:43:03

Noela Blanco Rodríguez na data 07/08/2018 13:43:10

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Luís Manuel Álvarez Martínez e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta en **Pleno**.

A Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo posúe no barrio da Tinería de Lugo, unha casa de orixe medieval coñecida como Hospital de San Miguel que se atopa no Camiño Primitivo, Patrimonio da Humanidade e encostada á Muralla, monumento que ostenta tamén esa importante distinción.

O Goberno presidido polo Sr. Touriño tiña o proxecto de facer nela un Centro de estudos xacobeos dada a súa radicación no Camiño, pero este obxectivo foi abandonado polo Goberno do Partido Popular. Esta casa medieval atópase nun estado de total abandono e preto da ruína perfectamente visible para todo o que pase pola muralla ou que faga o Camiño.

Dentro de moi pouco tempo celebrarase un novo Ano Xacobeo para o que a Xunta de Galicia afirma que realizará multitude de obras e tomará medidas para que todos os camiños e o seu patrimonio presenten a mellor cara aos peregrinos; en cambio non parece que vaia a tomar ningunha medida con esta casa propiedade da Sociedade do Xacobeo que está en total ruína. É paradoxal que os encargados de velar polo bo estado dos camiños e as rutas xacobeas manteñan un patrimonio en ruínas dentro do Camiño Primitivo.

Creemos que é urxente rematar con esta situación. A Sociedade de Xestión do Plan Xacobeo non pode seguir mantendo unha propiedade de gran valor histórico abandonada no interior dun dos camiños máis utilizados como é o Primitivo, que está declarado Patrimonio da Humanidade e, aínda máis no centro dunha cidade e na contorna doutros dous Patrimonios da Humanidade.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Grupo Parlamentario

Pensa a Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo rehabilitar a casa medieval da súa propiedade situada na cidade de Lugo no Camiño Primitivo e encostada á Muralla?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 7 de agosto de 2018

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 07/08/2018 14:03:30

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 07/08/2018 14:03:38

Jóse Manuel Pérez Seco na data 07/08/2018 14:03:49

Á Mesa do Parlamento

Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Marian García Míguez, Aurelio Nuñez Centeno, Diego Calvo Pouso, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Soraya Salorio Porral, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno**.

Desde o Grupo Popular temos expresado desde sempre o noso compromiso coa actividade económica e a creación de oportunidades de crecemento e emprego en Galicia.

A creación dun tecido produtivo o máis forte posible é unha garantía de futuro para a nosa Comunidade, en tanto que contribúe de xeito decisivo á fixación de poboación, ao desenvolvemento da sociedade e á mellora da calidade de vida dos galegos e das galegas.

Neste contexto, tamén cremos que as empresas deben ser conscientes do papel que xogan como axente social. Por iso, é fundamental que estas desenvolvan os postulados da denominada Responsabilidade Social Empresarial (RSE), entendida como unha contribución voluntaria ao desenvolvemento sustentable e á busca de solucións para unha sociedade mellor na contorna na que se instalan desde unha perspectiva económica, medioambiental e de solidaridade.

As empresas que poñen en funcionamento proxectos de RSE fano desde ámbitos tan diferentes como o da mellora dos procesos de produción para ser máis respectuosos coa calidade do aire ou a auga ata a participación en iniciativas de relevancia social, pasando polo estreitamento da relación con outras empresas e grupos de interese da contorna, ou o compromiso coa creación de emprego de calidade.

Os programas de RSE adoitan relacionarse con grandes empresas, acotío cunha orixe que é allea ao territorio no que se atopan instaladas. Mais desde o Grupo Popular entendemos que todas as empresas se deben implicar neste tipo de accións, integrándose na sociedade e contribuindo a un desenvolvemento integral da mesma.

Para acadar este obxectivo, é necesario que as administracións públicas apoiem ás empresas, especialmente as máis pequenas, que queiran iniciar este tipo de iniciativas, dotándoas das ferramentas e da información necesarias para ser máis útiles e amosar un compromiso máis intenso cos lugares nos que se atopan.

Por todo elo, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta en pleno:

-Que medidas está a adoptar a Xunta de Galicia para impulsar a Responsabilidade Social Empresarial entre as pequenas e medianas empresas galegas?

Santiago de Compostela, 08 de agosto de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 08/08/2018 09:42:28

María Encarnación Amigo Díaz na data 08/08/2018 09:42:45

María Ángeles Garcia Míguez na data 08/08/2018 09:42:54

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 08/08/2018 09:43:10

Diego Calvo Pouso na data 08/08/2018 09:43:18

Marta Rodriguez Arias na data 08/08/2018 09:43:28

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 08/08/2018 09:43:40

María Soraya Salorio Porral na data 08/08/2018 09:43:57

Á Mesa do Parlamento

Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Marian García Míguez, Aurelio Nuñez Centeno, Diego Calvo Pouso, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Soraya Salorio Porral, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Desde o convencemento de que o crecemento económico e a creación de emprego debe ir parello a un maior compromiso coa prevención de riscos laborais o PPdeG comprometeuse no seu programa electoral das eleccións autonómicas de 2016 a elaborar e aprobar unha Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo ata o ano 2020, dirixida a consolidar a redución da sinistralidade laboral no noso país, que sería impulsada desde o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) como órgano especializado.

Este compromiso fundamentábase na necesidade de que dita estratexia fose formulada como unha política global e un conxunto de accións que involucren a todos os axentes implicados na súa promoción, aplicación, vixilancia e control: á propia administración pública, ás empresas, persoas traballadoras, interlocutores sociais e expertos na materia.

No mesmo sentido, pretendíase que atendese aos sectores estratéxicos e emerxentes, así como a aquelas actividades, colectivos e empresas que presentan un maior risco, potenciando a formación de calidade en materia de seguridade e saúde no traballo e a consolidación dunha cultura preventiva na sociedade galega.

Como resultado desta preocupación, e cumprindo a promesa plasmada no programa electoral, o goberno galego puxo en marcha a nova Estratexia de Seguridade e Saúde no Traballo 2017-2020, cun total de 163 medidas para reducir a sinistralidade laboral e consolidar a cultura preventiva no tecido empresarial e entre os traballadores.

Segundo a información ofrecida polo Executivo galego, todas estas medidas pretenden cumprir cos 6 obxectivos específicos da Estratexia: mellorar a eficiencia das institucións públicas dedicadas á prevención de riscos; promover a implicación dos interlocutores sociais e dos actores vinculados á seguridade e saúde no traballo; mellorar e facilitar o cumprimento efectivo da normativa sobre prevención, así como a súa vixilancia e control; potenciar as actuacións das administracións en materia de análise, investigación, información, promoción, apoio e asesoramento técnico; fomentar a mellora das condicións da seguridade laboral con especial atención a sectores,

empresas e colectivos que presentan maior risco; e impulsar unha formación de calidade en materia de prevención de riscos e a consolidación dunha cultura preventiva na sociedade galega.

Por todo elo, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta en pleno:

-Que balance fai a Xunta de Galicia do desenvolvemento ata o momento da Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo 2017 – 2020?

Santiago de Compostela, 08 de agosto de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 08/08/2018 09:53:50

María Encarnación Amigo Díaz na data 08/08/2018 09:55:38

María Ángeles Garcia Míguez na data 08/08/2018 09:55:47

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 08/08/2018 09:55:56

Diego Calvo Pouso na data 08/08/2018 09:56:08

Marta Rodríguez Arias na data 08/08/2018 09:56:18

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 08/08/2018 09:56:29

María Soraya Salorio Porral na data 08/08/2018 09:57:05

Á MESA DO PARLAMENTO

Julia Torregrosa Sañudo, Paula Quinteiro Araujo e Carmen Santos Queiruga, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, **presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Recentemente ven de presentarse unha tese na Universidade de Santiago de Compostela, por parte de D. Victor Hugo Martínez Ballesteros, titulada “Cumprimento e adhesión á ordenación do marisqueo en contextos institucionais concretos: análise do furtivismo marisqueiro en Galicia”, na que se fai un rigoroso e destacable estudo sobre numerosos aspectos que caracterizan o furtivismo en Galicia e se abordan diferentes liñas de actuación para o seu combate.

Recollendo algún dos aspectos e análises da citada obra, podemos destacar o estudo e caracterización dos diferentes tipos de furtivismo que operan nas nosas costas, cualificado polo autor como complexo e heteroxéneo con cuestións endémicas e particularidades propias do fenómeno en Galicia.

Deste estudo destaca a sinxeleza da súa práctica e a facilidade para acceder ao mercado do produto furtivo, observándose a existencia dun mercado negro consolidado disposto a soportar enormes cantidades de marisco, partindo da venda directa aos consumidores ata a utilización de redes complexas de comercialización que van dende os extractores ata as depuradoras, lonxas e hostalería.

Esta facilidade para a obtención de lucro e a súa comercialización, así como unha certa existencia de incentivos sociais, fai que a actuación da administración



deba ir máis aló da acción punitiva que ten demostrado a súa ineficacia se non é acompañada doutro tipo de accións, como poden ser a implementación de métodos de disuasión, a eliminación dos círculos propios de pobreza e desemprego que incentivan a práctica nalgúns entornos, ata a fundamental actuación sobre os mecanismos de venda e distribución do produto furtivo.

En moitos casos, non no caso do furtivismo organizado profesional, o furtivo é o eslavón mais débil do conxunto da cadea fronte ao conxunto de axentes compradores, intermediarios e distribuidores que engrosan a maior parte do beneficio económico.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte

Pregunta:

- Que medidas ten previsto o Goberno galego implementar para actuar sobre as redes asentadas de distribución e comercialización do produto extraído polos furtivos en Galicia?

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2018.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo

Paula Quinteiro Araújo

Carmen Santos Queiruga

Deputadas do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 08/08/2018 13:37:00

Paula Quinteiro Araújo na data 08/08/2018 13:37:18

Carmen Santos Queiruga na data 08/08/2018 13:37:33

Á Mesa do Parlamento

María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández, Miguel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Concello de Santiago de Compostela leva deseñando, dende o ano 2012, unha iniciativa que, baixo a denominación Smartlago, pretende desenvolver diferentes iniciativas no ámbito da innovación destinado a converter a capital de Galicia nun referente na prestación de servizos públicos coa maior eficiencia tecnolóxica.

Este proxecto ten maior relevancia, se cabe, porque Santiago de Compostela como cidade patrimonio presenta unhas características e problemáticas singulares que necesitan de respostas e solucións tamén singulares, polo que as achegas que se realicen desde este proxecto poden ter uns resultados escalables, eficientes e replicables noutras cidades similares a Santiago.

Estamos no momento do arranque do proxecto, despois da sinatura do convenio o pasado 4 de decembro de 2017 entre o concello de Santiago e o entón Ministerio de Economía, Industria e Competitividade, un convenio de colaboración para a execución do proxecto SMARTIAGO mediante compra pública innovadora (CPI) cun horizonte temporal de 4 anos.

Este proxecto SMARTIAGO finánciase nun 80% por Fondos Europeos de Desenvolvemento Rexional (FEDER) do Programa Operativo de Crecemento Intelixente (POCINT 2014-2020) e acada un orzamento de 12.360.000 euros en dúas fases de 6.180.000 euros cada unha. Este proxecto, ademais, conta co cofinanciamento da Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Innovación.

A primeira fase para a realización das tarefas de I+D+I e unha segunda fase de despregamento das solución que teñan demostrado a súa viabilidade e produtividade.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes realizan a seguinte pregunta oral en pleno:

